



LARSA lanza o seu leite de pastoreo

Toda as súas variedades de leite serán de vacas que pastan en liberdade cunha alimentación natural de pastos galegos

19 de outubro 2017.– No seu afán por manter a autenticidade dos seus produtos, a confianza dos consumidores e o apoio a Galicia, LARSA presenta **o seu Leite de Pastoreo, procedente de vacas que pastan en liberdade durante un mínimo de 6 horas ao día, durante 120 días ao ano, ou 720 horas ao ano durante 120 días ao ano**, o que fai que todo o leite LARSA estea avalado co **certificado SGS**, entidade líder mundial en inspección, verificación, ensaios e certificación. Ademais, a alimentación natural de pastos galegos fai que o novo leite de pastoreo teña o mellor sabor e a calidade de sempre.

Ao longo do mes de outubro poderemos atopar nos lineais dos puntos de venda o leite LARSA de pastoreo cun novo envase e nas súas variedades de enteiro, semidesnatado e desnatado. Nos vindeiros meses e, por primeira vez no mercado, LARSA lanzará o seu leite de Pastoreo sen lactosa en dúas variedades: semidesnatado e desnatado. Este lanzamento irá acompañado dun importante plan de comunicación en prensa, radio, tv, autobuses, paneis e medios on line.

Con motivo deste lanzamento, a **conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, asistiron á presentación da nova aposta da compañía e déronlle a saída a un camión de LARSA Leite de Pastoreo con algunhas das primeiras unidades que partiron da Factoría de Outeiro de Rei (Lugo).**

LARSA leva máis de 85 anos á beira dos galegos, comprometida co sector primario e recollendo máis de 400 millóns de litros avalados polo selo «Galega 100%». Ademais, é a única marca láctea xeneralista galega que lles ofrece aos seus consumidores una variedade completa de leite, iogures, queixo, nata, manteiga e sobremesas baixo o paraugas da calidade e a tradición, respectando a orixe e a contorna.

LARSA, comprometida cos gandeiros galegos

LARSA é una marca láctea galega comprometida cos gandeiros e adherida ao Convenio «Lácteos Sustentables» promovido polo Ministerio de Agricultura co obxectivo de fomentar un comercio sustentable do sector lácteo. LARSA é líder no segmento do leite en brik da rexión e fabrica iogures en Galicia, onde lidera as vendas deste produto. LARSA é o maior anunciante lácteo galego cunha factoría produtora de leite en Lugo e outra encargada da produción de iogures e queixos en Vilagarcía de Arousa. Os produtos LARSA están a recibir o recoñecemento nacional e internacional nos máis prestixiosos certames agroalimentarios. LARSA experimentou unha modernización no seu posicionamento como marca saudable de Galicia que se adapta aos novos estilos de vida dos galegos.

Máis información en www.leitelarsa.es

Máis Información Prensa: Manuel Reinerio Fernández Cabal -TLF: 669 679 997